

OPOSICIÓN, CONCURSOS E CONTRATOS

Curso 2017/2018

CASO 678/455 Data 24/10/2017

Reclamante: PAS	Motivo	O 24/10/2017 ten entrada no rexistro da Oficina do Valedor Universitario un escrito de queixa asinado por un membro do PAS en que concreta diversas cuestións de carácter xeral expostas por el e outros membros do PAS nunha reunión previa mantida na Oficina do Valedor Universitario. O escrito de queixa acompáñase dun resumo normativo da lexislación e de diversa documentación relacionada co asunto, incluídos escritos con reclamacións previas a outras instancias.
Inicio: 25/10/2017		Na reclamación solicítase unha análise e a posible actuación do valedor sobre o feito de que unha parte do PAS estaría a realizar claramente funcións da escala xeral da administración e figura na RPT vixente como escala técnica, o que conculca gravemente o dereito á carreira profesional, e que no proceso de funcionarización non se respectou a garantía de dereitos previos e se obtiveron unhas retribucións cuns niveis incoherentes co resto do PAS funcionario da escala xeral.
Remate: 23/01/2018		Entende que as prazas e os postos correspondentes deberían reclasificarse no seu momento automaticamente, co fin de que a mobilidade polos sistemas habituais de provisión e promoción sexan recíprocos entre o persoal que sexa finalmente reclasificado e o resto de funcionariado da escala xeral.
Actuacións		Presidente da Xunta de persoal do PAS, xerente e normativa.
Resolución		Tras unha análise da normativa e logo de reunións co presidente da xunta de persoal e o xerente, elabórase un informe en que se fan as seguintes consideracións e recomendacións: O 12 de xullo de 2012, cumprindo co establecido nos Estatutos e no III Convenio colectivo para o persoal laboral, e no marco do Estatuto básico do empregado público e a demais lexislación aplicable en materia de función pública, o reitor, a xunta de persoal e o comité de empresa asinan o Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña, en que se establece unha táboa de equivalencias para a integración en escalas de funcionarios que reflicte esencialmente a situación de partida do persoal laboral. Sen dúbida, a continuidade do organigrama existente na RPT do persoal laboral, facilitou enormemente o proceso de funcionarización. Porén, os vicios ou deficiencias na RPT derivados da política e dos modos de selección do persoal laboral en épocas pasadas, e especialmente na época de “expansión explosiva” do cadro de persoal laboral, corren o risco de perpetuarse e mesmo de enquistarse, de non se abordar de fronte un proceso de maior racionalización da RPT que abandone toda mirada ao pasado e se centre exclusivamente nunha análise obxectiva e pormenorizada que permita conxugar axeitadamente as necesidades da institución co dereito individual de cadaquén á progresión na carreira profesional e á promoción interna. Unha institución como a Universidade da Coruña debe estar dotada dun cadro de persoal suficiente, tanto en número como en preparación, para poder dar unha resposta rápida e axeitada aos constantes cambios normativos e ás diferentes necesidades que se xeran en ámbitos tan dispares como a docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento ou a responsabilidade social. Non cabe dúbida de que existen funcións concretas que deben forzosamente ser abordadas por persoal especializado, pero un réxime de exclusividade excesivamente ríxido pode, en moitos casos, limitar innecesariamente a flexibilidade e as posibilidades de

mobilidade e de promoción do persoal. Na doutrina xurisprudencial estase acabando por impoñer o principio de liberdade con idoneidade fronte ao principio máis restritivo de exclusividade. A formación ao longo da vida e a propia orientación da docencia universitaria desde a posta en marcha do plan Boloña, máis focalizada na adquisición de habilidades e de competencias, deberían ter un claro reflexo nunha maior flexibilidade na configuración do cadro do persoal de administración e servizos.

Consumado o proceso de estabilidade no emprego coa funcionarización da maior parte do persoal laboral en aplicación do acordo de funcionarización suscrito en 2012, entendo que cómpre agora abordar con tranquilidade, pero sen pausa, unha fase de adaptación da RPT que se axuste mellor ás necesidades reais da nosa universidade e que, na medida do posible, incremente as posibilidades reais de progreso na carreira profesional e promoción interna do seu persoal de administración e servizos.

Sen dúbida, e con carácter xeral, unha maior flexibilidade no cadro de persoal, con cambios ou supresións de determinadas escalas ou subescalas, debería contar cun reforzamento previo dos plans de formación e cun claro compromiso de desenvolvemento e perfeccionamento dos manuais de funcións das diferentes escalas e subescalas e dos protocolos e procedementos de traballo en cada centro, servizo ou unidade; debería igualmente realizarse unha detallada análise do tipo de formación necesaria para o desempeño de cada posto. A nosa experiencia na Oficina do Valedor Universitario pon de manifesto que cada vez que se produce un traslado masivo de persoal, increméntase apreciablemente o número de erros que se producen nalgúns dependencias, o que reflicte a necesidade dunha formación adecuada e de dispoñer de normas e protocolos de traballo claros, completos e actualizados.

Aínda que, en conxunto, os niveis dos postos de traballo que figuran na actual RPT da Universidade da Coruña son similares aos das outras universidades do SUG, deben corrixiarse, sen máis dilación, diferenzas concretas notables que se están a dar nalgúns postos de traballo (ex., postos 409 e 417) e que reflicten que non sempre se está a cumprir axeitadamente co estipulado no artigo 99.2 dos Estatutos da UDC, que recolle: “En calquera caso, as retribucións básicas e complementarias non poderán ser inferiores na súa contía ás previstas para os diversos corpos e escalas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutras administracións. Os niveis dos postos de traballo non poderán ser inferiores a outros iguais ou similares da Comunidade Autónoma ou doutras administracións”.

Pido a todas as partes implicadas o máximo esforzo e colaboración mutua para acadaren uns obxectivos que, polo que aprecio, son en gran medida comúns, conxugando en todo momento os intereses dos colectivos aos que representan cun extremado celo na defensa dos dereitos e liberdades individuais de cada membro do PAS.

O informe envíase ao interesado, ao xerente e ao presidente da xunta de persoal do PAS.

CASO 679/456 Data 31/10/2017

Reclamante: Alleo	Motivo	Participou nun proceso selectivo de persoal laboral, acadou unha praza e logo participou no proceso de funcionarización, en que acadou a condición de funcionario. Tras a impugnación por outro dos concursantes do proceso selectivo inicial, primeiro en vía administrativa e logo en vía xudicial, tivo lugar unha reclasificación que o levou a ser cesado na condición de persoal laboral e funcionario da UDC.
Inicio: 03/11/2017		
Remate: 03/11/2017		

Unha vez finalizado o proceso xudicial, advirte que no expediente administrativo non constaban todos os títulos que xustificaban a nova puntuación concedida ao outro concursante que viu tamén incrementada a súa puntuación, polo que solicita que sexa revisada a documentación para verificar a súa validez e autenticidade.

Actuacións	Normativa.
Resolución	Comunicáselle ao interesado a non admisión a trámite da súa reclamación por carecer a figura do Valedor Universitario da potestade para intervir no asunto, ao non ser membro, desde hai xa varios anos, de ningún dos colectivos que integran a comunidade universitaria da Universidade da Coruña. Dáselle conta da normativa en que se recollen as competencias do valedor universitario.

CASO 688/465 Data 11/01/2018

Reclamante: PAS

Motivo

Na oferta de emprego público para o ano 2017 figura unha praza da mesma subescala (secretario técnico) e propónse a promoción de 50 persoas (33 da mesma categoría e o resto dunha categoría superior). A pesar de acadar a condición de funcionaria no ano 2014, tras ocupar un posto de traballo na UDC desde o ano 1999 (laboral fixo desde o ano 2000), e a pesar de que no posto de secretario técnico que está a ocupar (C1-nivel 19) as funcións que está a desenvolver non son as dun técnico de laboratorio e que mesmo son máis propias dun posto da escala xeral de maior cualificación, estase a adiar a súa promoción ao ano 2019, xunto co persoal da subescala de laboratorio e non se lle están a recoñecer melloras de nivel nin salariais de ningún tipo.

Inicio: 15/01/2018

Solicita ao valedor universitario que interceda para que se reconsidere o calendario de promocións co obxecto de minorar o agravio de non poder participar en diferentes anos e que se considere unha suba de nivel para equiparalo ao resto de prazas que teñen similares requisitos que a súa.

Remate: 27/07/2018

Actuacións	Normativa, xunta de persoal do PAS e xerente.
Resolución	Tras unha análise inicial da normativa de aplicación ao caso, o 31/01/2018 envía un oficio ao director do servizo en que desenvolve o seu traballo a interesada, en que lle solicito que me confirme ou matice se as funcións que esta detalla e sinala que está a realizar se corresponden coas que está a desenvolver no seu posto de traballo e, especialmente, que me traslade a súa opinión experta sobre se a praza da RPT que a interesada está a ocupar debería ser considerada como unha praza de carácter administrativo ou técnico/administrativo ou como unha praza de laboratorio. O 19/02/2018 o director do servizo confirma as funcións realizadas pola interesada no seu posto de traballo e indica que “parece claro, que a praza número *** da RPT, polo tipo de traballo desenvolvido –e pola lóxica– non debería corresponderse cunha de laboratorio. O 01/03/2018 envía senllos oficios ao presidente da xunta de persoal e ao xerente, en que lles solicito unha detida análise da situación e a adopción das medidas que mellor correspondan en dereito e en xustiza no ámbito das súas respectivas competencias. Xunto con estes oficios, envíolles a solicitude e a documentación achegada pola interesada e mais o informe do director do servizo, co fin de incidir na miña consideración de que parece de crucial importancia o carácter administrativo, técnico/administrativo ou de laboratorio da praza. Ante a falla de resposta do xerente e do presidente da xunta de persoal, contacto con eles e, nun primeiro momento, coméntanme que non recordan ter noticias da miña solicitude. Con tal motivo,

reenvíolles de novo toda a documentación e pídolles rapidez na resposta, dado o tempo transcorrido desde que a interesada me fixera chegar a súa reclamación.

O 25/05/2018 o secretario da xunta de persoal achégame a resposta da xunta de persoal e a acta da reunión en que se tratara o asunto (reunión do 06/03/2018). O contido literal do acordo certificado polo secretario, que figura recollido na acta da devandita reunión, e que me foi enviado como resposta aos meus oficios do 01/03/2018 e do 22/05/2018 é o seguinte: “Acórdase comunicar ao valedor universitario que o acordo adoptado foi unha negociación colectiva entre a xunta de persoal e a Xerencia dentro do proceso de funcionarización”.

O 11/06/2018 recibo a seguinte resposta do xerente:

... No acordo asinado entre o reitor e os representantes do PAS, inclúese un calendario, documento que ela mesma achega coa súa reclamación. Neste calendario asinado o 20 de novembro de 2015, recollese que no ano 2018 a convocatoria de promoción interna sería para “...as restantes prazas das subescalas especiais, agás as de laboratorio”, mentres que no ano 2019 será a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas das subescalas de laboratorio.

Aínda que a reclamante ocupa a praza de RPT nº ***, denominada “Secretario/a técnico ***” e pertence a unha subescala distinta á de laboratorios, non é posible a estas datas modificar o calendario asinado no ano 2015, polo que a reclamante lle correspondería promocionar nas previstas promocións internas do ano 2019.

Polo que respecta á cualificación necesaria para desempeñar o seu posto de traballo, así como o volume de traballo deste, cando se debata e negocie a nova RPT é cando se decidirá se se ten en conta a súa solicitude para os efectos de reclasificala ou recoñecer un nivel maior no complemento do que agora ten.

Da lectura das respostas recibidas chego a unha conclusión oposta, partindo dos mesmos feitos e das mesmas consideracións, polo que o 19/06/2018 envíe un novo escrito ao xerente e ao presidente da xunta de persoal en que lles solicito aclaracións adicionais e, de ser o caso, unha reconsideración da situación. Os argumentos por min esgrimidos en ambos os escritos son os seguintes:

Aínda que me resulta difícil de comprender que quen acada a condición de persoal funcionario no ano 2014 teña que agardar a que promocionen primeiro as persoas que a acadaron no 2015, e mesmo entendendo que as negociacións relativas á RPT resultan moi complexas e que dificilmente poden chegar a satisfacer as expectativas de todas as persoas afectadas, centrándome no cumprimento do acordo que se reflicte no calendario asinado o 20 de novembro de 2015, entendo que **toda vez que se recoñece que a praza da RPT nº ***, que esta a ocupar a funcionaria ***, pertence a unha subescala distinta á de laboratorios, cabe colixir,**

- a) Que con base no propio acordo, a esta funcionaria lle correspondería promocionar no **ano 2018**, en que está acordada “a promoción interna das restantes prazas das subescalas especiais, agás as de laboratorio”.
- b) Que dado que para o ano 2019 o que está acordado é “a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas das subescalas de laboratorio”, non sería este o momento que correspondería á promoción de quen, como a funcionaria ***, está a ocupar unha praza dunha subescala distinta á de laboratorios.
- c) **O cumprimento do acordo asinado levaría precisamente á promoción interna da funcionaria *** no ano 2018.”**

O 05/07/2018, recibo a resposta do xerente que se recolle a continuación:

“Mediante un escrito do día 19 de xuño de 2018, solicita que clarexe o meu do día 11 de xuño de 2018 sobre a queixa formulada por ***; así, paso a expor o seguinte:

- Efectivamente, a funcionaria do subgrupo C1, que presenta a queixa ocupa o posto número *** na RPT da UDC publicada no DOG do 18-01-2016, reservado á subescala denominada “secretario técnico”, “escala técnica de grao medio/escala técnica de especialistas”. O posto denomínase “secretario/a técnico/a da ***”.

- Considero que o acordo do 20 de novembro de 2015 entre o reitor da Universidade da Coruña e a representación das organizacións sindicais con presenza na xunta de persoal, non referencia que promocióne antes quen se funcionarizou en 2015 que quen se funcionarizou no ano 2014, establécese un calendario que vincula as partes asinantes e é o que determina o contido da oferta de emprego público de cada ano polo sistema de promoción interna.

- Na oferta de emprego público do PAS da UDC para o ano 2018, negociada pola Xerencia e a xunta de persoal, pendente de autorización pola Consellería de Facenda, figuran no cadro de promoción interna ao subgrupo A2, dúas prazas da subescala de secretario/a técnico/a. Nas ofertas de emprego público non se identifican postos nin persoas; consisten na fixación, por escala ou subescala e subgrupo, dun número de prazas que se ofertarán en cada unha das convocatorias que se realicen en desenvolvemento desa concreta oferta de emprego público. Por tanto, será no momento de publicar a convocatoria cando a persoa funcionaria que considere cumprir os requisitos, presente a súa solicitude e o órgano convocante decida se formará parte da relación de persoas admitidas.”

Desde a Oficina do Valedor Universitario mantemos informada en todo momento á interesada, quen, tras remitirlle a resposta do último escrito do xerente, por medio dun correo do 06/07/2018, solicitame unha reunión para finais de mes. O 27/07/2018 reunímonos na miña oficina para valorar a situación.

Curso 2015/2016

CASO 610/387 Data 16/09/2015

Reclamante: Allea	Motivo	O proceso de contratación para un proxecto de investigación realizouse con falta de información e transparencia.
Inicio: 18/09/2015	Actuacións	Servizo de Investigación e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
Remate: 01/10/2015	Resolución	Enviáselle a queixa ao Servizo de Investigación e solicítanselle as oportunas aclaracións ao respecto. A resposta da xefa de servizo céntrase nunha descrición pormenorizada das fases do procedemento estipuladas nesta universidade, no cal se aprecia que non aparecen claramente definidos o modo e o lugar en que deben facerse públicos os resultados da selección, de modo que este queda ao criterio do investigador principal. Comunicánselle á interesada estes extremos ao tempo que se lle notifica que solicitaremos da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia que os resultados deste tipo de convocatorias se fagan públicos no mesmo lugar en que estas se publican (a Sede Electrónica da UDC) ou se comuniquen por correo electrónico ás/aos solicitantes, ademais de concretar na propia convocatoria o lugar físico en que serán expostos (facultade ou departamento). O 30 de setembro de 2015 remito un escrito ao vicerreitor de Investigación e Transferencia no que, tras indicarlle que así como o procedemento actualmente en vigor extrema o coidado no control de axuste á legalidade das convocatorias, sería recomendable

incrementar a trazabilidade e a visibilidade do proceso de selección. Suxírese para iso:

- a) *Que as persoas solicitantes poidan seguir todo o proceso nos mesmos medios en que se dá publicidade á convocatoria.*
- b) *Que na propia convocatoria se faga xa explícito o lugar físico no que se dará publicidade ao proceso de selección (taboleiro da Administración da facultade ou do departamento...).*

Nun escrito de resposta do 1 de outubro de 2015, o vicerreitor agradece as suxestións, ao tempo que me comunica que as recomendacións serán incorporadas na elaboración dun novo procedemento que se está a levar a cabo por parte dunha comisión que está formada por distintos membros dos servizos implicados na contratación.

Curso 2014/2015

CASO 580/357 Data 18/11/2014

Reclamante: PDI	Motivo	Busca dunha solución á súa situación laboral. Está a piques de rematar o seu contrato como profesor axudante doutor e, a pesar de cumprir sobradamente con todos os requisitos esixidos pola UDC para poder promocionar a contratado doutor, informánselle desde a universidade da resposta desfavorable da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia e ve en perigo a súa estabilidade como PDI.
Inicio: 19/11/2014		
Remate: 11/12/2014		

Actuacións	Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.
Resolución	<p>Tras entrevistarme coa persoa interesada, comprobar que cumpre cos requisitos formais que se recollen no convenio colectivo como compromiso de estabilidade (acreditación para contratado doutor) e que mesmo parece dispor de sobrados méritos investigadores (avaliada como investigador tipo B pola ANEP), académicos e docentes (notable implicación na xestión do centro, elevada valoración do labor docente polo alumnado), contacto co vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente para interesarme pola actuación levada a cabo desde a Vicerreitoría e pola existencia de posibles vías de solución.</p> <p>O 05/12/2014 recibo un informe do vicerreitor en que se detallan e se documentan as actuacións levadas a cabo para a promoción do contrato, se inclúen os dous escritos de denegación asinados conxuntamente polo secretario xeral de Universidades e o director Xeral de Planificación Orzamentaria, e se comenta que por parte do Consello de Dirección da UDC estanse a valorar posibles alternativas, entre elas a posibilidade de utilizar a taxa de reposición para convocar unha praza de contratado/a doutor/a na área en cuestión; alternativa condicionada á aprobación da oferta de emprego da UDC para o ano 2015 que ten que facerse no primeiro trimestre do ano.</p> <p>Analizada a normativa de aplicación, e nomeadamente o artigo 35 do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades do SUG, prorrogado ata o 31 de decembro de 2014 en todas as súas cláusulas por acordo da Comisión Negociadora do III convenio colectivo (DOG do 29 de xullo de 2014), o artigo 52 da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril pola que se modifica a Lei orgánica 6/2011, do 21 de decembro, de universidades (LOU), e o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que recolle no seu artigo 6 unha nova redacción do artigo 68 (Réxime de dedicación) da Lei 6/2001, aprécianse aspectos de cuestionable legalidade que cumpriría destacar en</p>

favor da persoa interesada. Así, tras lamentar a intromisión doutras administracións na autonomía universitaria ata extremos indebidos e co ánimo de apuntalar as posibles vías de solución que permitirían cumprir co compromiso de estabilidade do convenio colectivo, o 11/12/2014 remito un escrito ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente en que detallo todas esas cuestións e remato coas seguintes consideracións e suxestións:

Consciente da importancia da promoción e da consolidación dun cadro de persoal que permita á UDC competir axeitadamente tanto no eido da docencia como no da investigación, a Universidade da Coruña mesmo ten recollido nos seus Estatutos o compromiso formal de estabilidade para o profesorado que prestaba os seus servizos no momento de entrada en vigor da LOU, e ten plasmado no convenio colectivo actualmente en vigor ese mesmo compromiso de estabilidade para os axudantes doutores que dispoñan de acreditación para poder ser contratados como Profesores Contratados Doutores.

A negación das consellarías de Educación e de Facenda á concesión dunha praza que permita dar continuidade á carreira académica da profesora, a pesar da UDC certificar que a provisión que se pretende está dotada no capítulo I dos seus orzamentos e non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, pon en serias dificultades á universidade para cumprir co artigo 35 do convenio colectivo. Porén, ao tratarse dun convenio en vigor, que ten xerado unhas claras expectativas de futuro e que, polo tanto, tería levado á interesada a orientar o seu futuro profesional á busca dunha estabilidade como PDI na UDC, parece imprescindible que a universidade faga todos os esforzos posibles para dar cunha solución satisfactoria que posibilite a súa estabilidade como profesor contratado doutor da Universidade da Coruña. Nese senso, agardo que as posibles alternativas que se están a considerar por parte do Consello de Dirección cheguen a bo termo coa maior brevidade posible.

Comunicáselle o informe á interesada.

Apróbase finalmente unha praza de contratado doutor, que sae a concurso e é gañada pola interesada.

Curso 2013/2014

CASO 550/327 Data 21/03/2014

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicita unha xustificación por escrito dun proceso de cobertura dun contrato temporal. Tras estar a piques de asinalo, ao ser convocado para iso, outórgaselle finalmente a unha persoa que figura noutra listaxe de agarda.
Inicio: 24/03/2014		
Remate: 09/10/2014	Actuacións	Xerencia, Servizo de PAS, Dirección dos SAI e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
	Resolución	Envíase un correo ao xerente para lle notificar que dado que o interesado entregou o mesmo escrito noutras instancias, incluída a Xerencia, déixase o asunto nas súas mans e solicítaselle informe, logo de analizar o asunto. Transcorridos catro meses desde a súa solicitude, o 21 de xullo de 2014 o interesado presenta un novo escrito na Oficina do Valedor Universitario en que solicita que se teña en conta o escrito inicialmente presentado e se lle comunique a esperada resposta. O 22 de xullo remitimos ao xerente unha solicitude de informe sobre os trámites que se están a levar a cabo e as previsións de tempo para dar cumprida resposta á solicitude do interesado. A finais de xullo fálase telefonicamente co xerente sobre o particular, tendo en conta a proximidade das vacacións e a demora na resposta. O 4 de agosto recíbese un correo da Xerencia; nel achégase o

escrito de resposta remitido ao interesado. Neste escrito o xerente comunica que se mudou de listaxe de agarda a instancias do director do SAI, coa xustificación da súa maior afinidade co traballo que se vai desempeñar.

Tras unha conversa mantida co interesado, e considerando que había cuestión de fondo sen clarificar, o 10 de setembro de 2014 solicítase unha ampliación de información ao director dos Servizos de Apoio á Investigación e á xefa do Servizo de PAS, nun escrito en que se formulan dúas cuestións concretas que fan referencia ao tipo e perfil da praza ofertada e ao criterio que levou a considerar como máis afín a listaxe de agarda elixida en último termo.

O 25 de setembro e o 2 de outubro rexístrase respectivamente a entrada do escrito de resposta do director dos SAI e da xefa do Servizo do PAS, cuxas copias achego ao reclamante cumprindo así coa súa solicitude de información por escrito do proceso levado a cabo para a cobertura do posto de traballo. Como queira que poderían quedar aspectos por matizar, especialmente de cara á utilización futura das listaxes de agarda, comunícase ao interesado a posibilidade de ter unha cita co vicerreitor de Investigación e Transferencia para tratar abertamente sobre o particular. Tras agradecer o interesado as xestións da Oficina do Valedor para facilitar a cita, poñémonos en contacto co vicerreitor, quen agradece, así mesmo, a xestión e manifesta a súa plena disposición a falar co interesado.

Curso 2012/2013

CASO 523/300 Data 19/06/2013

Reclamante: Alumna	Motivo	Síntese prexudicada polos cambios producidos nos requisitos da convocatoria de contratos predoutorais da UDC do 2013. Nesta convocatoria só poden optar aos contratos predoutorais as persoas que cumpran cos requisitos necesarios para o acceso ao doutoramento a partir do 1 de xaneiro de 2011, mentres que na convocatoria de 2012 podía optar quen cumprira os requisitos a partir do 30 de xuño de 2009. Pide igualdade de dereitos con respecto ás convocatorias de anos anteriores.
Inicio: 19/06/2013		
Remate: 26/06/2013		
Actuacións		Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.
Resolución		<p>O vicerreitor de Investigación e Transferencia informa á interesada de que se trata de acompañar as datas coas das outras convocatorias predoutorais existentes (Xunta, FPI e FPU), que fixan o 1 de xaneiro como punto de corte da antigüidade de acceso ao doutoramento. Sinala, tamén, que todo isto está en consonancia co novo período de tres anos para a realización da tese de doutoramento que impón o RD 99/2011 polo que se rexen actualmente os estudos de doutoramento, que é xa de plena aplicación para a defensa da tese desde febreiro de 2012. A resposta do vicerreitor á interesada remata sinalando que sempre que ocorren este tipo de modificacións (en parte debidas a cambios lexislativos) hai unha primeira promoción que ve que ese cambio lle afecta por primeira vez.</p> <p>A reclamante manifesta a súa desconformidade ao valedor universitario e pregúntalle en que medida tería opcións de que se cambiasen as bases da convocatoria en caso de presentar un recurso.</p> <p>O valedor resume as condicións da nova convocatoria e indica á reclamante que, a pesar do desacougo que orixina unha perda de expectativas baseadas no que viña ocorrendo en anos precedentes, cada convocatoria é independente das anteriores e as bases das convocatorias poden mudar se o órgano competente así o acorda. Remata o seu escrito sinalando que ao non poder alegarse perda de dereitos adquiridos, na súa opinión non hai</p>

argumentos que puideran forzar un cambio das bases da convocatoria.

CASO 524/301 Data 03/07/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Presentou unha reclamación á presidenta do tribunal dunhas probas selectivas notificando e argumentando a súa desconformidade con algunhas das preguntas por consideralas ambiguas, que están fora do temario ou que hai máis dunha resposta válida. Non está conforme con que na súa especialidade non se acepte ningunha das reclamacións formuladas e mesmo non se lle dean explicacións. A denegación de todas as reclamacións da súa especialidade xera desigualdades con outras especialidades, nas que si se aceptaron. Solicita que se anulen as preguntas en que haxa algún erro.
Inicio: 05/07/2013		
Remate: 08/07/2013		
	Actuacións	Presidenta do tribunal das probas selectivas.
	Resolución	Tras analizar a normativa e falar coa presidenta do tribunal das probas, comunícaselle á interesada que o procedemento seguido e aplicado polo tribunal parece axustarse á legalidade vixente, e é o procedemento regulado para este tipo de probas no ámbito da administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Indícanse tamén as canles previstas por se estimase oportuno a interposición dun recurso ou a impugnación das probas.

Curso 2011/2012

CASO 436/213 Data 07/09/2011

Reclamante: PAS	Motivo	Desconformidade cos criterios de valoración para a cobertura temporal dunha praza de laboral.
Inicio: 07/09/2011	Actuacións	Director do servizo/presidente do tribunal de selección.
Remate: 14/09/2011	Resolución	Tras una serie de consultas por parte da persoa interesada finalmente ábrese expediente e solicítaselle ao presidente do tribunal concreción sobre os criterios utilizados para a valoración de méritos. O presidente do tribunal remite unha detallada resposta que se lle envía á persoa interesada.

CASO 450/227 Data 09/11/2011

Reclamante: Persoal do Capitulo VI	Motivo	A ineficacia burocrática ou o deliberado atraso da Xunta de Galicia na concesión das axudas do Programa María Barbeito na convocatoria de 2009 terían como consecuencia a perda do cobro de dous dos 24 meses establecidos na convocatoria (por mor da sinatura do contrato en febreiro). Dado que aínda non se convocou a prórroga, cabe agardar que no mellor dos casos os posibles beneficiarios poderían percibilas cun grande atraso e incerteza.
Inicio: 09/11/2011		
Remate: 07/12/2011		
	Actuacións	Servizo de Investigación e normativa.
	Resolución	Compróbase que a Universidade da Coruña cumpriu coas súas obrigas, pois asinou o contrato do reclamante dentro do prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación no DOG (publicación o 15 de xaneiro e sinatura do contrato o 22 de xaneiro); constátase que na orde da convocatoria a duración das axudas non está fixada para dous anos mais para un máximo de dous anos; e apréciase que no DOG do 22 de novembro de 2011 se publicou a orde do 16 de novembro da Consellería de Educación Universitaria pola que se convocan as prórrogas. Infórmase ao reclamante de todos estes extremos e de que sobre este tipo de contratos a universidade só ten competencias na xestión, ao tempo que se lle lembra que o marco de actuación do valedor universitario se circunscribe á

universidade.

Curso 2010/2011

CASO 405/182 Data 20/03/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Falta de pagamento de seis mensualidades de traballo en laboratorio, falta de cartos para facer fronte ao pagamento da súa matrícula e ameaza de expediente.
Inicio: 24/03/2011	Actuacións	Coordinador do laboratorio, entrevista singularizada ao persoal do laboratorio, dirección do centro e Xerencia.
Remate: 26/05/2011	Resolución	Emítese un detallado informe ao reclamante en que se recolle que, máis aló da interpretación que se lle puider dar a unha carta de recomendación asinada polo coordinador do laboratorio, non se aprecia ningún indicio de débeda; aconséllaselle que extreme as precaucións para non danar gratuitamente a imaxe de ningunha institución, comunicáselle que o tema do aprazamento do pago da súa matrícula está en mans da Xerencia e informáselle de que non está no ánimo do director do centro promover un expediente. Remítese copia do informe ao coordinador do laboratorio e ao director do centro.

CASO 409/186 Data 04/04/2011

Reclamante: PAS	Motivo	Non se computa a ocupación dun cargo superior na baremación dunhas probas selectivas para a provisión de prazas de persoal laboral de inferior categoría.
Inicio: 05/04/2011	Actuacións	Xerencia.
Remate: 16/05/2011	Resolución	Infórmase ao reclamante de que o procedemento seguido en relación co seu caso parece terse axustado a dereito, cumprir coa normativa vixente na UDC e non provocar agravios comparativos.

CASO 429/206 Data 23/06/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Desconformidade co cálculo da nota media do expediente nunha convocatoria de contratos pre-doutorais.
Inicio: 30/06/2011	Actuacións	Vicerreitoría de Investigación.
Remate: 08/08/2011	Resolución	Solicítase da presidenta da Comisión de Investigación información detallada sobre o procedemento empregado no cálculo da nota media, ao tratarse dun expediente procedente dunha universidade estranxeira. Comunicáselle á interesada o informe co detalle do procedemento de cálculo.